SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 - XUÑO - 2010

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS TRES ÚLTIMAS SESIÓNS.

2.- ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN CO RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas do día dezasete de xuño de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, , Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. JOSÉ GARCÍA MÍGUEZ, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, , D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, DONA. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. MARÍA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, Dª. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, tamén asistiu o Sra. Interventora Xeral do Concello Dª. AGUEDA BELLO VALDÉS, actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS.-

Non asisten, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as concelleiros/as: Dª. LAURA LAGO ALLER, D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO e Dª. LAURA ALONSO GÓMEZ.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar o único punto da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS TRES ÚLTIMAS SESIÓNS.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezaoito votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do BNG, e 2 do PG), acorda prestar aprobación ás actas das sesións celebradas con carácter extraordinario os días **26 de maio e 1 de xuño,** e con carácter ordinario o día **26 de maio de 2010.-**

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237212

2.- ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN CO RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.-

ANTECEDENTES.-

Proposta da Alcaldía, de data 31 de maio de 2010, que transcrita dí:

"Á vista do Real Decreto Lei 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a reducción do déficit público.

Vista a recomendación da Federación Española de Municipios e Provincias a través do acordo adoptado polos grupos políticos representados na mesma.

Teño a ben propoñer ao Pleno do Concello, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Reducir nun 8% e con efectos da nómina do mes de xuño, as retribucións que prercibe o Alcalde pola adicación exclusiva ao seu posto.

2.- Reducir nun 7% e con efectos da nómina do més de xuño, as retribucións que perciben o Primeiro Teniente de Alcalde e os concelleiros D. EDUARDO REGUERA OCAMPO e D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, pola adicación exclusiva aos seus postos.

3.- Reducir nun 5% e con efectos da nómina do mes de xuño, as retribucións que perciben os concelleiros por adicación parcial aos seus postos.

4.- Reducir nun 5% e con efectos do mes de xuño, a cantidade que perciben os concelleiros pola asistencia ás xuntanzas de órganos colexiados.

5.- Os acordos anteriores permanecerán vixentes, agás acordo en contrario, durante o exercizo de 2011.

6.- Para os aspectos de seguridade social ou IRPF ou os non previstos no presente acordo aplicarase o previsto no Real Decreto Lei 8/2010."

INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro señor Bastos Fernández dí que é certo que hai que apretarse o cinturón pero todos os españois no seu conxunto polo que non consideran correcto que se baixe a políticos e funcionarios e non se lles toque a outros como á banca. Anuncia a abstención do seu grupo.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que o BNG non comparte as medidas adoptadas polo goberno pero votarán a favor por unha cuestión de solidaridade.

A concelleira señora Canal Gómez anuncia que o seu grupo votará a favor, que o PSOE ten sumida a España nunha situación caótica, pero lles parece que hai que dar exemplo ainda que con isto non va a resolver o desastre económico no que estamos nos últimos tempos. Lle parece pouco coherente e suxire outras medidas no Concello de Redondela, como eliminar cargos de libre designación como o secretario do teniente alcalde ao que considera un comisario político, xa que as súas funcións poden ser perfectamente levadas a cabo por funcionarios municipais.

O concelleiro señor González Iglesias dí que o ano pasado xa conxelaron as retribucións dos membros da corporación e agora é fundamentalmente, unha cuestión de solidaridade. Non lle parecen de recibo os argumentos da señora Canal, por canto o PSOE non é responsable de que en Alemania se despida a 55.000 funcionarios ou da situación en Francia, Grecia ou outros países. Sinala que a situación é a que é e que o Concello de Redondela é, dentre os de máis de 20.000 habitantes, o que menos persoal de confianza ten de toda Galicia. Suxire ao PP que empece pola sua casa.

O concelleiro señor Bastos Fernández refírese á folga xeral convocada para setembro anunciando que a secundarán.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que o BNG non asume de ningún xeito que a responsabilidade da crise recaia sobre os traballadores. Considera que non sobra xente no Concello.

A concelleira señora Canal Gómez afirma que non dixo que sobrara nadie, somentes en casos como os comisarios políticos tal e como calificou o voceiro do BNG ao seu secretario. Non comparte algunhas adicacións exclusivas que se disfrutan en Redondela e que foron producto do pacto de goberno, deixando de lado ao PP que foi o partido máis votado no municipio. Dí que o BNG móvese por intereses particulares.

O concelleiro señor González Iglesias insiste en que o de Redondela é o concello que menos persoal eventual ten e reta á voceira do PP a poñe-los números por riba da mesa cando queira. Tampouco acepta a expresión "comisarios políticos" e dí que eles teñen moitos, dende o punto de vista máis peiorativo da expresión.

O concelleiro señor Pazos Docampo aclara que en ningún momento dixo que o seu secretario fora un comisario político.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, sendo dezaseis votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, e 3 do B.N.G.) e dúas abstencións (2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, a Proposta da Alcaldía, nos antecedentes transcrita.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as nove horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 056 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 2237211 ata a volta do folio núm. 057, Serie A núm. 2237212, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL